



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN
FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO



XUNTA
DE GALICIA

CAMPIONATO TERRITORIAL

SEGUNDA DIVISIÓN INFANTIL FEMININA

FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Esta competición desenrolarase en dúas fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª Fase: Os equipos inscritos das provincias de A Coruña e Lugo formarán un grupo e os equipos inscritos das provincias de Ourense e Pontevedra formarán outro.

A Competición de cada grupo ou zona será organizada por unha Delegación Provincial, cumprindo os requisitos establecidos polos Art. 4.A e 5 do NOREBA - GA. As Delegacións organizadoras poderán establecer os grupos que consideren necesarios para o mellor desenvolvemento da Competición.

No caso de establecer varios grupos deberá estar contemplada unha clasificación final ordinal nos catro (4) primeiros postos en cada zona.

2ª Fase ou Fase Final: A disputarán os dous primeiros clasificados da Zona Norte (Coruña - Lugo) e os dous primeiros clasificados da Zona Sur (Ourense - Pontevedra), baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta (tipo sector), durante un fin de semana.

A Federación Galega de Balonmán determinará a entidade organizadora da 2ª Fase ou Fase Final, tendo prioridade un dos equipos clasificados en primeiro lugar en cada unha das zonas na 1ª Fase.

O calendario de Competición da 2ª Fase ou Fase Final desta Competición se adxunta as presentes Bases.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN
FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO



XUNTA
DE GALICIA

DATAS DE CELEBRACIÓN

A 1ª Fase desenvolverase entre o día 1 de outubro de 2018 e 12 de maio de 2019, sendo cada Delegación a que determine as datas exactas dentro deste período.

A data límite de finalización da 1ª Fase se establece no día **12 de maio** de 2019.

A 2ª Fase ou Fase Final desenvolverase entre os días 24 e 26 de maio de 2019.

PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DE DIVISIÓN DE HONRA DA TEMPADA 2019/2020

No mes de setembro de 2019, todos os equipos inscritos, nos prazos previstos pola F.G.Bm., porán participar nunha Fase Previa para disputar a Competición de División de Honra (Play Off de Ascenso).

O Play Off se disputara nun fin de semana, polo sistema concentración (tipo sector). Serán sedes organizadoras, se así o solicitan, os equipos clasificados nas competicións da tempada 2018/19 nos seguintes postos: Campión de 2ª División Infantil Feminina; 7º, 8º, 9º clasificados de División de Honra; 2º clasificado de 2ª División Infantil Feminina e 10º clasificado de División de Honra.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas Normas específicas do Campionato Territorial de Segunda División Infantil Feminina complementanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN
FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO



XUNTA
DE GALICIA

CAMPIONATO TERRITORIAL DE SEGUNDA DIVISIÓN INFANTIL FEMININA

SEGUNDA FASE OU FASE FINAL

1ª XORNADA (24.05.19)

2º Clasificado Zona Norte	-	1º Clasificado Zona Sur
2º Clasificado Zona Sur	-	1º Clasificado Zona Norte

2ª XORNADA (25.05.19)

2º Clasificado Zona Sur	-	1º Clasificado Zona Sur
1º Clasificado Zona Norte	-	2º Clasificado Zona Norte

3ª XORNADA (26.05.19)

1º Clasificado Zona Sur	-	1º Clasificado Zona Norte
2º Clasificado Zona Norte	-	2º Clasificado Zona Sur